



camiño  
escena  
norte

camír  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## Camiño Escena Norte chega á Costa da Morte con dúas funcións en Carballo e Vimianzo

**CEN desembarca de novo no FIOT esta fin de semana con 'Olvido Flores', de Estefanía de Paz Asín, quen recupera a historia do circo Anastasini, cuxos membros foron asasinados no 1936**

**O vindeiro sábado 12, o auditorio municipal de Vimianzo acollerá a representación de 'El nadador de aguas abiertas', un espectáculo sobre a amizade, a zona de confort e a superación protagonizado por Markos Marín e Adolfo Fernández**

**O elenco das compañías vascas e navarra participará, ao remate das funcións, en sendos encontros co público asistente**

**Carballo, 3 de outubro de 2024-** A cuarta edición de Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega esta fin de semana á Costa da Morte. O domingo 6, o Pazo da Cultura de Carballo acollerá, no marco do FIOT, a única función en teatros galegos de **Olvido Flores, da navarra Estefanía de Paz Asín**; mentres que o sábado 12 o auditorio municipal de Vimianzo será o recinto no que se represente **El nadador de aguas abiertas**, das compañías **K. Producciones e Tanttaka Teatroa**.

A primeira das citas enmárcase no ciclo OTNI do FIOT. A artista multidisciplinar Estefanía de Paz Asín presentará o **domingo 6, ás 20.00 horas, Olvido Flores**, unha peza que pon sobre a mesa a historia do circo Anastasini, cuxos membros foron asasinados na localidade navarra de Lodosa en xullo de 1936. A creadora rescatou información e relatos da época para dar conta do que pasou aquela noite e iluminar a memoria da troupe circense. Ao remate da función, que terá lugar no Salón de Actos do Pazo da Cultura de Carballo, celebrarase un encontro coa artista. As entradas para á cita están dispoñibles no espazo web [www.fiot.gal](http://www.fiot.gal).

Xa de cara á semana seguinte, o **sábado 12**, o CEN adentrarase na Terra de Soneira. O auditorio municipal de **Vimianzo** acollerá a representación de **El nadador de aguas abiertas**, peza que conta cos actores Markos Marín e Adolfo Fernández coma protagonistas absolutos, e na que se aborda a amizade e a superación a través da aprendizaxe da natación. A función comezará ás **20.30 horas** e, ao remate, celebrarase un encontro cos actores.

As entradas para asistir ao espectáculo, producido polas compañías vascas K Producciones e Tanttaka Teatroa, xa están a venda a través [www.woutick.es](http://www.woutick.es). Logo da súa representación na Costa da Morte, a peza, candidata a seis Premios Max 2024, poderase ver o 17 de outubro en Lugo.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILERK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camir  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## 06.10, 20.00h | Carballo (Pazo da Cultura)

### **Olvido Flores, de Estefanía de Paz Asín (NAV)**

\* Función enmarcada no Camiño Expandido - Vieiros: colaboración co FIOT de Carballo.

Unha troupe de máis de 50 artistas facía xira polo norte de España e apagaron as luces bailando coa morte. Achéganos os testemuños das persoas que viviron os acontecementos sucedidos en Lodosa en xullo de 1936. E gardaron o recordo. Olvido quere dar voz aos sen nome, a esas persoas esquecidas ás que ninguén lles levou flores tras a súa morte.

Artista multidisciplinar, profesional das artes escénicas, Estefanía de Paz Asín traballou para outras compañías, institucións e colectivos, combinando a condición de creadora coas habilidades como cantante, bailarina e actriz. É unha muller con formación en circo, teatro, danza e voz. Un dos seus últimos recoñecementos foi o premio Fetén á Mellor Interpretación co espectáculo *La Reina del Arga* no 2022.

**PROMO | Fotos e vídeos de *Olvido Flores*, [dispoñibles aquí](#).**

## 12.10, 20.30h | Vimianzo (Auditorio Municipal)

### ***El nadador de aguas abiertas*, de K. Producciones e Tanttaka Teatroa (EUS)**

Son dous... pero non son parella. Aínda que o poida parecer en ocasións.  
Son dous e son homes. Aínda que lles sobra tenrura e ganas de pasalo ben.  
Son dous e vas rir con eles. Se cadra ata os queres adoptar. Pódese falar.  
Son dous e necesítanse. Aínda que non o saiban.  
Son dous en cartel, pero moitos no escenario.

K. Producciones, compañía con sede en Bilbao, nace en 2002 da asociación de Adolfo Fernández, actor e director, e Cristina Elso, produtora, coa intención de levar a cabo proxectos de autores contemporáneos cun marcado contido político e social. Esta aposta decidida pola autoría viuse recompensada con 3 premios Max: *En la orilla*, Mellor Adaptación 2018; *Ejecución hipotecaria*, Mellor Autoría Revelación 2015; e *Vida y muerte de Pier Paolo Pasolini*, Mellor Adaptación 2004.

**PROMO | Fotos e vídeos de *El nadador de aguas abiertas*, [dispoñibles aquí](#).**

### **Para máis información:**

Consulta o [Kit de prensa](#) de Camiño Escena Norte 2024

### **Contacto de prensa**

Lucía Pita | 674 404 321 [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILKAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

